

1. Con frecuencia as locucións adverbiais equivalen a un adverbio rematado en -mente: *ás agachadas* = *secretamente*, *a fartar* = *abundantemente*. intenta buscar un adverbio sinónimo das seguintes locucións e clasifícaaas segundo o seu significado.

de raro en raro	a correr	en fronte	ao redor
á mantenta	de certo	de sobra	se cadra
hoxe en día	por veces	pouco a pouco	por completo

2. Localiza e clasifica os adverbios e locucións adverbiais das seguintes oracións.

- O balneario está cerca da nosa casa e acotío imos visitalo.
- Antes saían connosco todos os días festivos, despois empezaron a quedar na casa de cando en vez e última-mente seica apenas saen.
- Lolo fritiu unhas patacas a correr e logo puxo a mesa con calma.
- As máis altas do coro que se poñan detrás de Alba e Iria.
- Por pouco caen no medio do camiño, e aínda así quixeron volver facer o mesmo percorrido.
- Se cadra Benxamín vén visitarnos, pois disque lle gusta especialmente a festa desta fin de semana.
- Precisamente quería dicirvos que de ningunha forma lle contedes nada a Elvira.
- Por suposto que lles paguei! Non creas que son coma ti, que a miúdo esqueces as débedas.
- Nalgures estará o tesouro da montaña, pero creo que debe ser un lugar abondo afastado de aquí.

3. Localiza e clasifica os adverbios no seguinte texto

Vestín un poncho de fío vermello, cos bordos perfilados por unha ancha liña negra. Non lembro quen mo regalara, pero si a sensación de que cando o poñía o mundo minguaba ós meus pés. O poncho era tan fermoso, tan lixeiro, tan libre que me contaxiaba a súa liberdade e a súa liviá beleza flotante. Nunca tivera nada que cobizase tanto e só houbo outra cousa que chegou a espertarme un desexo de posesión semellante ó do poncho: unha copia da Ofelia morta de Millais que me retaba dende o escaparate dun anticuario.

Case todo o relativo ó meu comportamento importábame moi pouco neses primeiros anos universitarios. Facía o que quería e non admitía que me xulgasen nin me desen consellos. Era o meu proceso de aprendizaxe, era a miña busca, era o guiso que eu estaba a cociñar e irritábanme as intromisións alleas. Non me importaba nada o que dixesen de min por determe tantas veces diante da tenda, non me importaba que o anticuario me mirase con desconfianza mentres eu apampaba ante o cadro de Millais. Era unha copia pequena, condensada como unha pastilla de caldo de avecrén. A primeira vez fascinoume a humidade verde que se estendía por todo o escaparate. Quedei parada explorando a auga, os brións, os recantos agochados entre a ensarillada vexetación. Despois reparei nas flores que flotaban coloridas e alegres como pequenos paxaros tropicais. Despois foron os pés ocultos debaixo do luxoso traxe, que esponxaba coa corrente do río e os últimos espasmos da carne. Despois foron as mans de Ofelia xusto no momento de quedaren durmidas; e o peito, inchado pola última inspiración. E por fin, o pescozo abandonado á entrega, a boca entreaberta como esperando un bico e os ollos a piques de pecharse para sentir máis intensa a derradeira caricia, a caricia da morte.

Anxos Sumai: «Ofelia morta»

4. Algúns adverbios provocan a próclise ou anteposición do pronome átono ao verbo;

tendo en conta iso modifica, se cómpre, o enunciado ao inicialo por cada un dos seguintes adverbios, como no exemplo.

Enunciado: *Veranse antes de que remate o mes.*

Adverbios: *Non, ademais, daquela, tamén, probabelmente, nunca, seica, mesmo, seguramente, xa, aínda, alí, entón, despois, incluso.*

exemplo: *Non se verán antes de que remate o mes.*